




QUE É?


Telea é a plataforma de teleasistencia domiciliaria que o Sergas pon a disposición, entre outros, dos pacientes crónicos a través da web, para mellorar o seguimento das súas patoloxías.

QUE NECESITAS PARA USAR TELEA?



- O **nome de usuario** e **contrasinal** que aparecen na documentación que che deron no centro de saúde e o teu **teléfono móbil** (onde recibirás o PIN de acceso).

Tamén podes usar algún dos mecanismos de **acceso a É-saúde** con **seguridade alta**.



- Un **ordenador, tablet ou teléfono móbil** con conexión a Internet para acceder á plataforma. Podes usar calquera navegador (Internet Explorer 11, Chrome, Safari...) para facelo.



O **dispositivo** que uses para acceder á plataforma ten que cumprir cos seguintes **requisitos técnicos mínimos**:

- Sistema operativo: Windows, Linux, MAC OS, Android e iOS.
- Versión do navegador que soporte HTML5: Internet Explorer v.11, Firefox v.28, Chrome v.29, Safari 9 ou superiores.
- Android 4.4, iOS 9 ou superiores.



COMO ACCEDES 1/2 ?

1. **Escribes** na barra de direccións do navegador <http://telea.sergas.es>.

2. Podes acceder de dúas maneiras:

a. **Con usuario e contrasinal.**

Introduces o **usuario** e o **contrasinal**. Estes datos están na información que che proporcionaron no centro de saúde. Recorda que **o usuario sempre é o teu NIF**.

Premes "Acceder".



Introduces o **PIN** que te chegará ao teu teléfono móbil nunha mensaxe de texto enviada polo Sergas. **Este PIN será diferente en cada acceso**.

Premes en "Acceder".



A primeira vez que entres aparecerá unha pantalla cos teus datos.

Premes en "**Continuar**" se son correctos.





COMO ACCEDES 2/2 ?

b. Accedes utilizando o mecanismo de **acceso a É-Saúde** (para usuarios rexistrados previamente na plataforma).

Premes en **"Acceder con É-SAÚDE"**



Mostra a pantalla de acceso a É-SAÚDE, sendo necesario o **acceso mediante seguridade Alta** para acceder a plataforma TELEA.

Se o proceso de validación se realiza con **CHAVE365** de forma satisfactoria, mostrarase directamente o Portal TELEA do Paciente.

Se o proceso de validación se realiza con **"certificado dixital ou DNIe"** de maneira correcta, presentarse a mensaxe informativa.



Pulsando sobre o botón **IR A E-SAUDE** ábrese o Portal do paciente de TELEA.

A primeira vez que entres no Portal do paciente de TELEA aparecerá unha pantalla cos teus datos.

Premes en **"Continuar"** se son correctos.






VISIÓN XERAL

O **Calendario** é a opción por defecto ao acceder.

Esta opción permite consultar os teus datos, os dos cuidadores e realizar o cambio de contrasinal.

Permite xestionar as **notificacións** recibidas nos últimos 7 días.

Saír da aplicación.



Permite **filtrar** por **tipo de actividade** (presentando soamente as actividades marcadas).

Presenta a lenda de **cores** das actividades do calendario.




COMO INTRODUCES OS DATOS?

1. Na pantalla principal aparece o **calendario** coas **actividades** pautadas **para o día** no que te atopas. No caso de que unha actividade teña un rango horario de realización verase debaixo do nome a marxe para realizala.


Cobres a información que che solicite a aplicación tendo en conta sempre a periodicidade que che indicaron. Se tes algunha dúbida consulta a documentación que che deron no centro de saúde.

Podes cambiar para ver as actividades pautadas por *día, semana ou mes*.




2. Premes no tipo de biomedida que queres rexistrar, por exemplo: a tensión.

3. Indicas a Data e Hora na que realizaches a medida (por defecto presenta a actual). Introduces no campo correspondente os datos que previamente mediches co dispositivo adecuado e premes en **"Gardar"**.



4. Despois de gardar os datos, a aplicación amosa unha mensaxe.


Agora, a biomedida que rexistraches aparece cunha marca que indica que xa está enviada.





COMO CONSULTAS E ENVÍAS MENSAXES?

No apartado “**Notificacións**” aparecen os avisos pendentes de ler. O número que aparece na icona indica cantos hai neste estado. Poden ser de tipo Mensaxería, Calendario ou Videoconferencia.



Neste apartado podes ver as mensaxes que recibes e envías ao profesional que fai o teu seguimento (*tamén podes acceder desde o apartado Mensaxería do menú lateral*).




No caso de querer enviar unha nova mensaxe premes no botón “**Nova mensaxe**”.

Premes sobre as mensaxes recibidas para consultar o detalle das mesmas.

◆ As mensaxes lidas móstranse coa icona do sobre aberto.

Se queres enviar unha resposta premes no botón “**Responder**”.





COMO RECUPERAR O CONTRASINAL DE ACCESO Á PLATAFORMA?

Para recuperar o contrasinal de acceso á plataforma debe acceder a ligazón "**Esquecín o contrasinal**"



Para facelo, tes que indicar o usuario (sempre é o teu NIF) e o teléfono móbil.




Premer no botón "**Enviar**".

Enviarase un SMS cun PIN de acceso ao móbil indicado, sempre que os datos indicados (**usuario** e **teléfono**) coincidan cos rexistrados na **alta** en TELEA.

Introduces o **PIN** recibido no teléfono móbil.

Indicas o **novo contrasinal** e repítelo na seguinte casiña.

Por último, premes en "**Continuar**" para facer o cambio. A partir dese momento usarás ese novo contrasinal para acceder a TELEA.





COMO PODES CAMBIAR O TEU CONTRASINAL?

No apartado “**Perfil**” atopas a opción de **cambiar contrasinal**.

Para facelo, só tes que indicar o contrasinal que usaches para acceder á plataforma. Recorda que o tes na documentación que che deron no centro de saúde.

A continuación, indicas o novo e repítelo na seguinte casíña.

Por último, premes en “Gardar” para facer o cambio. A partir dese momento usarás ese novo contrasinal para acceder a TELEA.

Ver os meus datos Ver os meus cuidadores **Cambiar contrasinal**

Contrasinal actual*

Novo contrasinal*

Repetir contrasinal*

Limpar Gardar

Nome de usuario: 88443322M
Contrasinal: axa123

Como pode observar, o seu nome de usuario coincide co seu carácter (números e letras) que deberán ser introducidos en minúsculas das maiúsculas.

Unha vez introducido o nome de usuario e o contrasinal no sistema móbil unha mensaxe de texto (SMS) cun PIN (conxunto de datos de teleseguimento e levar a cabo as actividades obxectivas).

O número de móbil proporcionado por vostede para a prestación dispoñible para o acceso ao sistema é o seguinte:

Para solucionar dúbidas sobre como facer as medidas ou o modo de incorporalas á plataforma, pode contactar co seu Centro de saúde. Tamén pode enviar as súas consultas técnicas acerca da plataforma TELEA á conta de correo soporte.cidadania@sergas.es (Asunto: TELEA) e recibirá resposta á maior brevidade posible.